



Resolución do 19 de abril de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no contexto do PLAN LIA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), pola que se convoca o X Concurso de Traballos por Proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o curso 2023/24.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, no seu preámbulo como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo o traballo da comprensión lectora, da expresión oral e escrita, da creación artística, da comunicación audiovisual, da competencia dixital, do fomento da creatividade e do espírito científico, en todas as áreas da educación primaria. No artigo 2.2 da devandita Lei indícase que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.

En relación aos principios pedagóxicos da Educación Primaria e Secundaria respectivamente, menciónase no artigo 26.2, que co obxecto de fomentar a integración das competencias dedicarase un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias establecidas e fomentarase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

O artigo 113 da devandita Lei fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, engadindo que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuir estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

O Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares, publicado polo Ministerio de Educación en 2011 recolle no capítulo 4, entre os ámbitos de actuación da biblioteca escolar, os programas para a adquisición da competencia informacional (ALFIN, tratamento da información e competencia dixital), detallando que o papel da biblioteca escolar sería o de dispoñer os recursos de forma efectiva, orientar na súa utilización, deseñar xunto co resto do profesorado programas de formación na busca, selección e uso das fontes informativas e o traballo documental, apoiar propostas de proxectos interdisciplinarios que favorezan o uso dos recursos informativos e a elaboración de traballos de investigación documental, e axudar ao profesorado a que desde as súas respectivas materias reforce estas aprendizaxes.

O desenvolvemento curricular galego recoñece a necesidade de incorporar metodoloxías por proxectos ás prácticas docentes. Así o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recolle no seu artigo 29 de Bibliotecas escolares e aproximación á lectura que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa





finalidade de promover unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Así mesmo os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Tamén o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 16 onde se referencian os principios pedagóxicos, no punto 3, recolle que "a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real".

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle no artigo 36 que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura. O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na nosa Comunidade artigo 34 punto 2 Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

O novo Plan LIA 2021-2025 (Lectura, Información e Aprendizaxe) de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional contempla, entre os seus obxectivos, apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe. Así mesmo quere incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas. Entre os seus ámbitos de actuación están deseñar e desenvolver programas para a mellora da competencia informacional e mediática (ALFIN/AMI) así como propiciar a aprendizaxe por proxectos e outras metodoloxías activas, empregando os recursos e servizos da biblioteca no desenvolvemento das prácticas cotiás, con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas.



Así, as convocatorias do Plan de mellora de bibliotecas escolares pretenden impulsar a existencia de bibliotecas que recollan, entre outros, "o deseño e desenvolvemento de programas para a adquisición da competencia informacional ou de uso, tratamento e produción de información nos diferentes soportes e formatos", así como "as posibilidades que ofrece a biblioteca para a incorporación de metodoloxías innovadoras e consecuentes coas necesidades educativas actuais."

A Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/24, recolle no apartado 2.5 que a biblioteca escolar deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.

A través do seguimento do Plan LIA coñécese o importante esforzo que están a facer as comunidades educativas en consonancia con todo o anterior, e que se pon de manifesto no importante número de centros que xa están introducindo a metodoloxía de aprendizaxe por proxectos, liderados pola biblioteca escolar ou que se desenvolve co seu apoio.

Trala boa recepción por parte do profesorado das convocatorias anteriores desta iniciativa, cómpre realizar unha nova convocatoria que recolla os proxectos realizados no curso 2023/24.

De acordo con anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar o **X Concurso de Traballos por Proxectos** e establecer as súas bases de participación durante o curso escolar 2023/24.

Así mesmo, pretende estimular o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos, realizados en centros non universitarios durante o presente curso escolar.

Apartado 2. Destinatarios

Poderán participar neste **X Concurso de Traballos por Proxectos** os centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, das distintas tipoloxías.

Apartado 3. Premios e dotación económica

Os traballos seleccionados serán galardoados con asignacións extraordinarias para o funcionamento da biblioteca escolar, a través da partida orzamentaria **10.06.423A.640.10**, destinada a programas de atención á biblioteca escolar, do orzamento da Consellería de



Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o ano **2024**, e por un máximo global de **29.000€**.

Os premios serán compatibles con outros ingresos ou recursos destinados á biblioteca escolar e ao seu funcionamento, así como premios de innovación ou outros, procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, da comunidade, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Os premios poderán declararse desertos en unha ou varias das modalidades contempladas. Cando isto ocorra poderá ampliarse o número de traballos seleccionados nalgunha das outras modalidades, coa redistribución das asignacións pertinente. Non se premiarán proxectos asesorados ou patrocinados por entidades privadas.

Cada centro poderá presentar un só traballo por modalidade. Non se poderá presentar o mesmo traballo por máis de unha modalidade.

Todos estes traballos teñen que realizarse co apoio e colaboración da biblioteca escolar e contando cos seus recursos e posibilidades. Os centros participantes deberán optar por unha destas **modalidades**:

1. **Proxectos de carácter interdisciplinario**, ou **Proxectos Documentais Integrados**, coordinados desde a biblioteca escolar, e que contén coa participación dun mínimo do 40% dos grupos-aula existentes no centro (e un 40% dos departamentos, no caso dos centros de ensinanza secundaria).
2. **Proxectos de investigación** dirixidos por profesorado dun grupo ou nivel.
3. **Proxectos de investigación** dirixidos por profesorado para grupos internivelares ou departamento.
4. **Proxectos de investigación intercentros**, promovidos desde as bibliotecas de ata un máximo de tres centros de ensino co fin de desenvolver un proxecto común.

Modalidades	Premios	Importe
Modalidade 1 (dez premios do mesmo importe)	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
	Premio	2.000 €
Modalidade 2 (dous premios do mesmo importe)	Premio	1.500 €
	Premio	1.500 €
Modalidade 3 (dous premios do mesmo importe)	Premio	1.500 €
	Premio	1.500 €
Modalidade 4 (un único premio)	Premio	3.000 €
Total		29.000€





Apartado 4. Temática

Os proxectos responderán a temas de interese do alumnado ou pertinencia educativa, desenvolverán contidos curriculares en calquera ámbito do coñecemento e deberán contribuír á adquisición de competencias claves do alumnado, o que deberá detallarse.

Apartado 5. Requisitos e modo de presentación de traballos

Para participar nesta convocatoria presentárase a seguinte documentación dentro da solicitude que se creará na aplicación aloxada no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

A persoa responsable da dirección do centro será quen presente a solicitude na aplicación. Presentárase unha solicitude independente por cada traballo presentado.

- Unha **memoria** en formato .pdf, cun máximo de 16 páxinas que contemple os seguintes apartados (tamaño de fonte 12 e dobre espazo, segundo modelo editable dispoñible na aplicación):
 - a) Introducción: xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares e criterios de avaliación da ou das áreas/materias/módulos, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto; calendario para as tarefas previstas, alumnado, familias, axentes sociais e profesorado participante, organización para a súa realización...
 - b) Obxecto ou temática de investigación propostos.
 - c) Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.
 - d) Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
 - e) Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
 - f) Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.
 - g) Implicación da comunidade educativa, no seu caso.
 - h) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.
 - i) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.
 - j) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.
- Inclúese **material gráfico** (formatos .jpg ou .png), materiais elaborados desde a biblioteca ou directamente polo alumnado, en arquivo .pdf, ou unha dirección URL no que están aloxados e se poden consultar; o material multimedia elaborado, en arquivos .swf, .flv, .mp4, .odp, .ppt, así como o enderezo do espazo web que, no seu caso, recolla os recursos empregados e os produtos finais do proxecto. No caso de empregar un enlace de descarga non debe ter limitación temporal e débese autorizar, cando menos, o acceso a esta asesoría, que empregará o enderezo electrónico asesoria.bibliotecas@edu.xunta.gal
- No caso de participar pola **modalidade 4**, os centros deberán entregar, ademais da memoria individual, que deberá axustarse ao realizado en cada centro, unha **memoria conxunta**, cun



máximo de 4 páxinas, formato .pdf e os seguintes apartados (segundo modelo editable dispoñible na aplicación):

- a) Xustificación do proxecto.
- b) Organización e calendario.
- c) Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta conxunta.
- d) Avaliación conxunta do desenvolvemento do proxecto.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vén acompañada da preceptiva documentación, requírendose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixese, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Apartado 6. Prazo de solicitude

O prazo para a presentación de solicitude de participación, das memorias correspondentes e do resto da documentación comezará ao día seguinte da súa publicación e rematará o **15 de xullo de 2024**.

Apartado 7 . Comisión de avaliación

Baixo a presidencia da Subdirección xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Apoio Económico.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Unha delas fará as funcións de secretaria.

Esta comisión constitúese como órgano colexiado creado expresamente en virtude desta Resolución e cuxas funcións son as de instruír todo o procedemento, avaliar e seleccionar os traballos presentados ao abeiro desta convocatoria co fin de premiar aqueles que se distinguen pola súa calidade e pertinencia no desenvolvemento da temática escollida no proxecto, polo compromiso da comunicada educativa no seu conxunto e pola participación da Biblioteca Escolar, tal como se detalla no artigo 3.

Apartado 8. Criterios de valoración

Serán galardoados os traballos con maior puntuación en cada unha das modalidades contempladas nestas convocatorias, sempre que acaden unha puntuación superior a **60 puntos**. Teranse en conta os seguintes criterios de valoración:



- a) Orixinalidade, interdisciplinabilidade do proxecto e calidade técnica do traballo realizado. **Máximo 15 puntos.**
- b) Contribución ao desenvolvemento do currículo e adquisición de competencias clave. **Máximo 20 puntos.**
- c) Contribución específica á competencia informacional e mediática do alumnado, mediante actividades integradas no desenvolvemento do proxecto. **Máximo 18 puntos.**
- d) Participación de alumnado, profesorado e comunidade educativa no seu conxunto, así como outros axentes. **Máximo 17 puntos.**
- e) Aproveitamento das posibilidades e os recursos da biblioteca escolar. **Máximo 20 puntos.**
- f) Integración da biblioteca e outros equipos e programas do centro para o desenvolvemento do proxecto. **Máximo 10 puntos.**

Apartado 9. Resolución

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta de resolución de concesión de premios que trasladará á Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen ditará resolución.
2. A resolución de concesión de premios, na que se incluírán os centros seleccionados e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal/>
3. O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de cinco meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. A Consellería poderá convocar os responsables dos centros e dos traballos presentados a un acto de entrega simbólica dos galardóns.
5. Contra esta resolución de concesión de premios, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Apartado 10. Pagamento dos premios

As asignacións realizaranse directamente na conta dos centros seleccionados. Xustificarase o gasto realizado segundo o modelo do Anexo I.

O pagamento farase conforme ao seguinte procedemento:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal



- a) As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento e no período correspondente ao exercicio económico 2024.
- b) O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables ao obxecto do premio.
- c) As facturas, así como os xustificantes de pagamento, deberán quedar debidamente arquivados na secretaría do centro.
- d) A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional poderá solicitar información sobre os custos específicos derivados desta resolución, polo que estes gastos deberán estar perfectamente identificados na contabilidade do centro.

Apartado 11. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA



Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do **X Concurso de Traballos por Proxectos** nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1690>

Apartado 12. Aceptación das Bases

O feito de participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación das presentes bases. O incumprimento de calquera delas conlevará a descualificación do centro participante.

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora





do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I

<p>DOTACIÓN EXTRAORDINARIA PARA O X CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS ao abeiro da convoca o X Concurso de Traballos por Proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o curso 2023/24.</p>	<p>XUSTIFICACIÓN DO GASTO</p>
--	--------------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A. INGRESOS	
<p>Cantidade total asignada A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: A ATENCIÓN DAS NECESIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR, ESPECIALMENTE NO ÁMBITO DA INFORMACIÓN. As facturas orixinais permanecerán arquivadas na Secretaría do centro, convenientemente identificadas e á disposición dos órganos de fiscalización e control desta Consellería. Enviarase unha copia simple xunto con este anexo.</p>	<p>_____ €</p>

B. GASTOS		
Relación de facturas		
<i>Nº da factura</i>	<i>Provedor</i>	<i>Importe</i>
TOTAL GASTO		

Don/Dona, en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, **CERTIFICA:**

Que as facturas que se detallan corresponden a **gastos realizados para cubrir necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información**, adquiridos con **posterioridade** á resolución do X Concurso de Traballos por Proxectos.

En _____ a _____ de _____ de 2024
O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.:

